



Programación Docente de Repertorio dos Séculos XX/XXI (Piano) I-II

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Repertorio dos Séculos XX/XXI (Piano) I-II

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO	Piano				
CARÁCTER	B) Obrigatoria				TIPO DE CLASES	Colectiva				
DEPARTAMENTO	Piano				XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Maria José Cid Castro				
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Nicasio Gradaille Peña
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	-	-	-	-	3	3	-	-	Observacións	Opción de Sección Bilingüe
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Nicasio Gradaille Peña				nicasiogradaille@hotmail.com				Venres de 13 a 14 h	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Afondamento no repertorio dos séculos XX e XXI valorando a creación musical como a acción de dar forma sonora a un pensamento estrutural rico e complexo. Coñecemento dos diferentes sistemas de notación contemporáneos en relación á variedade estilística presente neste repertorio específico. Preparación adecuada para a interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T9, T11, T16, T17
XERAIS	X3, X10, X14, X17, X23
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Desenvolver os recursos de técnica pianística que posibiliten a correcta execución do repertorio, así como a autonomía para a creación, elección e utilización da técnica máis axeitada en función de dito repertorio	X (TODAS), EI (4, 5)
2. Identificar o proceso evolutivo da escritura pianística e a a súa interpretación a través das obras máis representativas escritas para piano dende 1945 até a actualidade.	
3. Comprender os aspectos pianísticos do repertorio traballado, e saber encadrar os mesmos dentro dun estilo, unha estética ou unha corrente artística	
4. Adquirir a categoría intelectual, a sensibilidade artística e a capacidade crítica necesarias para a solución de problemas técnicos e interpretativos que lle permitan ao alumno unha formación permanente no seu futuro profesional	X17, EI (4, 5)
5. Adquirir a capacitación necesaria que garanta unha especialización posterior nos ámbitos relativos á creación, interpretación, investigación ou docencia do repertorio actual	TODAS

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Desenvolvemento técnico	1.1. Adestramento da sensibilidade auditiva do son pianístico 1.2. Recursos técnicos non convencionais: piano preparado, técnicas no cordal do piano, notación gráfica, clusters e outros efectos no teclado, harmónicos 1.3. Uso dos pedais.	5
2. Desenvolvemento interpretativo	2.1. Características estilísticas das diferentes correntes de vangarda: dodecafonismo, serialismo, indeterminación, experimentalismo 2.2. Contexto histórico das obras obxecto de traballo	4
3. Repertorio	3.1. Traballo sobre unha ou varias temáticas establecidas a principio de curso 3.2. Desenvolvemento da capacidade creativa e da personalidade artística	5
4. Interpretación en público	4.1. Interpretación pública do repertorio traballado	2
Total de sesións por cuadrimestre		16



5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases colectivas: traballo pormenorizado das obras co apoio do docente a nivel expositivo. Traballárase sobre un repertorio dirixido á temática escollida ao inicio do curso.	16	-	16
Práctica individual: adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas técnicas e interpretativas achegadas polo docente nas clases. Comprenderá a lectura e a análise en todos os seus parámetros do repertorio a estudar, así como a preparación e posta a punto dos recursos técnicos e interpretativos que se precisen para poder desenvolver as clases con normalidade.	-	72	72
Audición pública: presentación en público do repertorio sobre o que se desenvolveu o traballo.	2	-	2
Total de horas por cuadrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	1. Asistir ás clases 2. Amosar unha actitude axeitada de traballo	TODAS agás EI10	60%
Audición	1. Amosar unha actitude axeitada 2. Amosar calidade técnica e interpretativa	TODAS	40%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado.			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro)			
Audición	1. Amosar unha actitude axeitada 2. Amosar calidade técnica e interpretativa	TODAS	100%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (Para alumnado con perda da avaliación continua)			
Audición	1. Amosar unha actitude axeitada 2. Amosar calidade técnica e interpretativa	TODAS	100%
EXTRAORDINARIA			
Audición	1. Amosar unha actitude axeitada 2. Amosar calidade técnica e interpretativa	TODAS	100%

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprirse as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Henk, H. (1994): Experimentelle Pianistik. Improvisation, Interpretation, Komposition. Mainz: Schott. (ISBN: Mainz: Schott)
- Burge, D. (2004): Twentieth-Century Piano Music. Lanham: Scarecrow press. (ISBN: 0-02-870321-9)
- Marco, T. (2002): Pensamiento Musical y Siglo XX. Madrid: Fundación Autor. (ISBN: 84-8048-469-1)
- Morgan, R. (1991): La Música del Siglo XX. Madrid: Ediciones Akal. (ISBN: 84-460-0369-6)